

Estimadas familias ante a suspensión da actividade lectiva a causa da situación actual, dende o equipo de Educación infantil mandamos unha batería de xogos, traballo con contos e actividades impresas que poderedes utilizar ao voso ritmo e tendo en conta que non van ser actividades avaliáveis, polo que todo canto poidan traballar non será para adiantar contidos senón para repasar o xa visto e ofrecervos ás familias unha serie de posibilidades coas que traballar. Así pois como poderedes comprobar adxuntamos varios documentos.

PARA FACER TODOS OS DÍAS

Cada día poderemos seguir as seguintes rutinas, teremos un calendario (que deixamos colgado nun documento adxunto) no que rodearemos o día e debuxaremos o tempo atmosférico, para recordar o mes, estación, o ano. Logo disto podemos elixir contar tantos obxectos (palillos, pompóns, garavanzos, etc) como o número do día do mes no que estamos, procurade que os coloquen en fila e que comecen contando de esquerda a dereita dende o primeiro.

Ademais

XOGOS

Adiviña e atopa

Ocultar un obxecto na habitación: nun armario, dentro dunha xerra ou nun estante. Despois, o neno/a deberá atopalo facendo preguntas como "¿está debaixo da cama? ¿Está dentro do armario? ¿está preto da porta?". Logo proba a intercambiar os roles, algo que lles vai encantar.

Xogo da oca

Para seguir practicando o conteo podemos empregar ao xogo da oca

Tres pasos dunha formiga

Os nenos deben colocarse fronte a ti nunha habitación, ao menos a oito pasos de distancia. Nos irémoslle dicindo os pasos que ten que dar e de que

animal, a clave do xogo está en "interpretar", porque estes pasos serán "2 pasos dun elefante", "dar 4 pasos dun rato", etc.

Para que o xogo dure máis tempo, dámosvos un truco xenial. ¡Non esquezas os pasos cara atrás do cangrexo!

¿Quen se foi? Xogo de atención

Coloca algúns obxectos nunha bandexa ou mesa (comeza con catro e logo aumentar gradualmente). O neno/a debe miralos durante uns segundos, logo debe xirarse de costas, nese momento sen que nos vexa quitamos un. Debe adiviñar cal é obxecto que falta.

A Pita cega

Colocámoslle pinzas da roupa no xersei camiseta, etc. a unha persoa e tapámoslle os ollos, esta persoa converterase na pita cega, os demais debemos intentar quitarlle a pinzas sen que nos atrape. (sería

Recollemos cunchas

Se temos oportunidade podemos saír e recoller cunchas na praia que logo poderemos traer a aula, recordade sempre "respectando as indicación que vaia establecendo o Sergas!"

Aprender algún trabalinguas ou adiviña

Unha vez recuperada a normalidade das aulas poderán traela escrita e contalo/a eles/as mesmos/as, e serán os compañeiros quen adiviñen ou repitan.

Contando

Dicímoslle un número e eles teñen que intentar dicindo cal ven despois, utilizade números tan grandes como consideredes oportuno seguindo o nivel do neno/a.

Vexo vexo

Xogar ao vexo vexo con letras, cores, formas, etc "Vexo vexo unha cousiña que comeza pola letra, ou pola cor...."(no noso caso mellor por cores porque aínda non todo asocian a grafía co seu son, iso ídelo vendo vós).

Ademais tamén poden axudar en moitas tarefas da casa segundo as súas posibilidades, facer a lista da compra (escribindo debuxando...), botar a roupa sucia no cubo correspondente ou a lavadora separando por cores, axudar a colgar a roupa, poñer a mesa, recoller os seus xoguetes, etc

ACTIVIDADES CON CONTOS

Neste documento ofrecémosvos unha pequena batería de actividades para levar a cabo cos meniños/as a partir dun conto.

O conto que elixades pode ser un dos que teñades na casa ou dalgún dos que poden visionar no seguinte enlace

Castelán: <https://www.youtube.com/user/OQOvideos/videos?view=0&sort=da&flow=grid>

Galego:

https://www.youtube.com/channel/UCEfA7SyrMlfXAXF_tp1uVQ/videos

Como vedes as actividades aparecen numeradas, polo que teriades que poñer na ficha adxunta o número de actividade que corresponda, no caso de que a actividade teña ficha (nas que ven sinalado ficha adxunta)

1. Reproducir o título do conto: As familias escribides o título do conto e eles cópiano (utilizar ficha adxunta).
2. Recoñecer no título do conto as letras do seu nome. Recoñecer no título do conto as letras do nome do familiar que eles/as elixan
3. Transformarse nun personaxe do conto e debuxarse nunha escena do mesmo (ficha adxunta).
4. Contar as letras do título e modelar con plastilina, masa, etc o número de letras do conto
5. Debuxar a personaxe principal do conto ou a que máis lle gustou (utilizar ficha adxunta).
6. Crear de xeito plástico unha nova portada para o conto, xa sexa debuxando, facendo collage, con pintura, ou como vos desexedes (utilizar ficha adxunta)

7. Contar cantas personaxes saen no conto e debuxar tantos puntos e/ou escribir o seu número.
8. Cambiar o título do conto e escribir un novo (utilizar ficha adxunta)
9. Debuxar que emoción sentiron despois da lectura /visionado do conto. Plasma a emoción que te fixo sentir mediante unha foto onde se mostre o teu estado de ánimo, debuxo, collage,...e escribe o sentimento. (ficha adxunta)
10. A partir da portada imaxinar de que vai tratar o conto.
11. Crear un final novo para o conto (poden escribilo, debuxalo, etc. sos ou coa axuda) para elo, podedes lerllo e deixar o final pendente de xeito que eles se imaxinen o remate do conto.
12. Meterse dentro dunha escena do conto. Debuxala e contar que pasou.
13. Dramatizar unha personaxe do conto para que os demais adiviñen cal é.
14. Contar as letras do título e modelar con plastilina, masa, etc o número de letras do conto.
15. Debuxar a personaxe principal do conto ou a que máis lle gustou (utilizar ficha adxunta).
16. Fai un sorteo coas letras do abecedario e busca palabras que comecen ou que a conteñan e escríbeas ou debuxas na ficha (ficha adxunta)

ACTIVIDADES IMPRESAS

Podedes descargalas nos documentos adxuntos